




PROGRAMACIÓN CULTURAL AUDITORIO
SÁBADOS DE INVERNO NA CASA DA CULTURA
21.30 HORAS

FEBREIRO



SÁBADO 4
PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS
OS AMORES DE JACQUES O FATALISTA

Entrada 5€ (reducida 2,50€)

Sinopse: Jacques e o seu amo camiñan cara ao lugar máis próximo, como fai todo mundo. Para entretter o camiño falan da vida e do amor... como fai case todo mundo. Aproveitando que non hai mulleres, permítense dicir cousas delas que no se atreverían a dicir se estivesen diante. Como fan algúns homes, bastantes. Este paraíso masculino rompe cando aparece a Pousadeira. Ela é tan faladora coma Jacques, e conta contos, fala de cousas da vida e emite asombrosas opinións sobre as mulleres e os homes, sen importarlle moito ser escoitada por tres. Si, tres, porque tamén escoita o marido da Pousadeira.

Elenco: Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, María Costas, Piti Sanz
Adaptación e dirección: Quico Cadaval



SÁBADO 11
MONÓLOGO DE:
FEDERICO PÉREZ

Entrada 3.50€ (reducida 1,75€)

Sinopse: Logo do seu paso por diferentes series e programas da TVG como Padre Casares, Era Visto ou Land Rober, Federico Pérez chega á Casa da Cultura de Vimianzo. Preparádevos para escoitar coa risa que o espectáculo vai comezar!!!



SÁBADO 18
CONTRAPRODUCCIÓN S L
O TOLLEIRO DE INISHMAAN

Entrada 5 € (reducida 2,50€)

Sinopse: Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosos, pintorescos... Seres máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente isolado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre elas un tolleiro, un ser desfavorecido quen ten unha arela que é semella extremadamente difícil: trascender ese ámbito cerrado que está obrigado a habilitar: un evadido que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado coma calquera outro.

Elenco: Evaristo Calvo, Ana Santos, Ricardo de Barreiro, María Roja, Luís Iglesias, Santi Romay, Marcos Pereiro e Susana Dans.
Dirección: Cándido Pazó.

MARZO



SÁBADO 11
CONTRAPRODUCCIÓN S
AS DO PEIXE

Entrada 3.50€ (reducida 1,75€)

Sinopse: Catro mulleres, extraballadoras dunha desaparecida fábrica de conservas, acoden a un "taller da memoria" e, ao tempo que reconstrúen parte da súa experiencia laboral, rememoran pasaxes da súa vida persoal e familiar, comentan aspectos da actualidade e expresan as súas ilusións ou desconfianzas no futuro.

Catro actrices que encarnando catro mulleres concretas, representan miles de anónimas traballadoras: as súas humildes historias, as súas vidas comúns íntimas arelas... A súa memoria colectiva.

Elenco: Casilda Alfaro, Mónica Camaño, Susana Dans, Rocío González.
Dirección: Cristina Domínguez da Pena.

BONOS:

- Bono todas os espectáculos→ 20€
- Prezo de entrada reducida para maiores de 65 anos e estudantes (debidamente acreditado)
- A taquilla abre unha hora antes do inicio do espectáculo
- Venta anticipada de entradas na Casa da Cultura
- Non se reserva entrada
- Non se poderá entrar na sala unha vez iniciado o espectáculo
- Máis información:
- www.vimianzo.gal / 981 717 288



PROGRAMACIÓN CULTURAL AUDITORIO
SÁBADOS DE INVERNO NA CASA DA CULTURA
21.30 HORAS

MARZO



SÁBADO 18
BUTACA ZERO
VOAXA E CARMÍN

Entrada 5€ (reducida 3,50€)

Sinopse: Maruxa e Coralia saen da casa como cada día, maquilladas ata a extremaución vestidas a toda cor dispostas a dar o seu habitual paseo das 2 polas rúas de Compostela. Pasear, saúdar, mercar Sansón e galletas María, piropear os mozos, insultar as mozas,...

Todo parece transcorrer sen cambio algún. Porén, hoxe nn vai ser un día normal coma os outros: Coralia empurra a Maruxa a escapar das súas rutinas tentando cumprir os seus soños. Arrancará así unha viaxe que abrirá feridas de guerra que volverán doer coma o primeiro día.

Elenco: Mabel Rivera e Belén Constenla.
Dirección: Xavier Castiñeira.



SÁBADO 25
CHÉVERE
AS FILLAS BRAVAS

Entrada 3.50€ (reducida 1,75€)

Sinopse: As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles petacoma antes fixeron súa nai e a nai de súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé de toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

As fillas bravas veñen reafirmar moderos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospitados.

Elenco: Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar.
Dirección: Xron.

ABRIL



SÁBADO 1
TEATRO DO MORCEGO
NOSA SEÑORA DAS NUBES

Entrada 3.50€ (reducida 1,75€)

Sinopse: Encontro de dúas personaxes expatriadas nun espazo e tempo indeterminados. Por medio de lembranzas confusas e memorias fragmentadas buscan recuperar historias vividas na súa patria, a afastada Nosa señora das nubes. Óscar e Bruna, van alternando entre as memorias do pasado e o presente e comparten anécdotas da súa experiencia como exiliados: os seus soños, necesidades, frustracións, desexos, amores esquecementos e relembranzas. Un texto poético e cheo de humor que nos fai reflexionar sobre as ditaduras, as guerras, o exilio e o desarraigamento tan presente no noso tempo. Unha obra que vai máis aló do exilio, que significa non só a perda dun país, senón do exilio da relixión, dos afectos, dos animais e ata de nós mesmos.

Elenco: Josi Lage, Celso Parada, Mundo Villalustre e Pablo Costas.
Dirección: Celso Parada.

BONOS:

- Bono todas os espectáculos→ 20€
- Prezo de entrada reducida para maiores de 65 anos e estudantes (debidamente acreditado)
- A taquilla abre unha hora antes do inicio do espectáculo
- Venta anticipada de entradas na Casa da Cultura
- Non se reserva entrada
- Non se poderá entrar na sala unha vez iniciado o espectáculo
- Máis información:
- www.vimianzo.gal / 981 717 288

